FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

# INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO

## Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil
## Curso Académico: 2013/2014

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Mestre/a de Educación Infantil |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | Verifica: 3450/2010, MEC: 2502228 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)<br>Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) |
| Centro onde se imparte o título | Facultade de Ciencias da Educación. Campus Norte (FCE)<br>Facultade de Formación do Profesorado-Campus de Lugo (FFP) |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | Non procede |
| Responsable do título | Decano da FCE: Rodolfo Lois Ferradás Blanco<br>Decano da FFP: Francisco Rodríguez Lestegás |
| Correo electrónico do responsable do título | FCE: zedudeca@usc.es<br>FFP: decaprofesorado@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2010/2011 |
| Data última acreditación | 30/06/2010 |
| Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento | Comisión  de Coordinación Intercentros |
| Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento | Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación<br>Comisión de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado |

| 2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS | |
|---|---|
| **Información pública** | **Páxina web da Universidade/Centro/Título…** |
| Denominación do título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información) |
| Número de créditos e duración do título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Plan de estudos) |
| Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto | FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/ |
| Coordinador/a e/ou responsable do título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información) |
| Centro/s onde se imparte o título | FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/ |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidad/es participante/s | ------- |
| Tipo de ensinanza | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información) |
| Número de prazas de novo ingreso ofertadas | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión) |
| Idiomas en que se imparte o título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información) |
| Saídas profesionais/Profesións reguladas para | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9 |

| | |
|---|---|
| as que capacita/Prefil de egreso | (Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Normativa de permanencia | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>( Plan de Estudos) |
| Memoria vixente do título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información)<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/memorias.html |
| Obxectivos do título | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Competencias xerais | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais) |
| Competencias específicas | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Obxectivos, cometencias e saídas profesionais) |
| Criterios de acceso e admisión | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión) |
| Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión)<br>(Con anterioridade ao inicio do curso publícase na sección de Avisos de cada centro a data e contido da xornada de acollida así como a guía do primeiro ano)<br>Os/as estudantes poden ter información de forma telefónica, presencial ou telemática na páxina<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/ |
| Plan de acción titorial | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |

| | |
|---|---|
| Perfil de ingreso recomendado | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión) |
| Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión) |
| Programas de mobilidade | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información con enlace ó Portal Internacional)<br>http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html (Na sección de Avisos publícanse as distintas convocatorias e seguimento, incluíndo a selección por parte do Centro) |
| Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe[1] | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Oferta e admisión)<br>FCE:http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/CURSO_PONTE_DO_GRAO_EN_MESTRE_EN_EDUCACIxN_INFANTIL.pdf<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/ (Destacados) |
| Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso | --- |
| Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Plan de estudos) |
| Horarios | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/horario_cursos.html |

| | |
|---|---|
| Guías docentes/Programación docente[2] | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9 (Plan de estudos)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/programas.html?plan=13992&ano=64<br><br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9 (Plan de estudos)<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/programa_materias.html<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/guias_docentes/index.html (guías docentes) |
| Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.) | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9 (Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=69412&ano=64<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/TFG.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9 (Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/materia.html?materia=87946&ano=65<br>http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/tfg.html<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/<br>(Información tamén incluída en<br>*Normativa.<br>*Destacados. Profesorado titor e liñas temáticas)<br>*Avisos: publícase cada convocatoria anunciando prazo de solicitudes) |
| Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras, …) | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9 (Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/practicum/index.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9 (Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html (Normativa propia da Facultade) |
| Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto... ) | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Información- Profesorado da titulación) |
| Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos | FCE:http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/PAS_Facultade_CC_Educacixn_-_2013.pdf<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Mestre_en_Educ_Infantil_2013.pdf<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/pas.html<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Grao_Mestre_Educacixn_Infantil.pdf |
| Aulas e seminarios | FCEhttp://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html |
| Laboratorios | FCEhttp://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html |
| Salas de informática | FCEhttp://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html |
| Salas de estudo | FCEhttp://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html |

| | |
|---|---|
| Biblioteca | FCE:http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/psicoeduca/<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html<br>http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/formprof/ |
| Outros servizos dispoñibles | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html<br>http://www.usc.es/gl/servizos/ |
| Espazos para os representantes de estudantes | FCEhttp://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestruturas.html |
| Taxa de graduación | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Taxa de abandono | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Taxa de eficiencia | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Taxa de rendemento | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Taxa de éxito | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Taxas de inserción laboral | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información) |
| Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia) | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13992&estudio=13993&codEstudio=13594&valor=9<br>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=13937&estudio=13938&codEstudio=13537&valor=9<br>(Outra información)<br>http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais /datosgraos.html |
| Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html<br>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html<br>http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html |

| | |
|---|---|
| título | |
| Política e obxectivos de calidade | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html<br>FFP: http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html |
| Manual e procedementos do SGC | FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html<br>FFP: http://fxc.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html |

[1] **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

[2] **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte**.

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 1. Descrición do título

*Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio[3]**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que tanto a Memoria de Verificación do Título como o Sistema de Garantía de Calidade conteñen toda a información sobre o mesmo. Ademais, o SGIC aporta diferentes procedementos asociados ao deseño do Título.

Adoptáronse medidas para garantir a coordinación intercentros, mediante a creación dunha comisión encargada de supervisar o proceso de seguimento do título e outras accións comúns ao desenvolvemento do mesmo nos dous centros que o imparten.

Considérase axeitada a actual oferta de prazas, que foi obxecto de modificación da memoria do título no curso 2012-13 (170 prazas, delas 90 na FFP-Lugo e 80 na FCE-Santiago). En todo caso, o número de estudantes matriculados supera estas cifras: a matrícula de inicio de estudos sitúase en 182 (94 na FFP-Lugo e 88 na FCE-Santiago). Pola súa banda, a matrícula de novo ingreso ascende a 100 alumnos na FFP-Lugo e 110 na FCE-Santiago. As causas destes desaxustes, que ocasionan un considerable incremento do número de estudantes nos grupos tanto expositivos como interactivos, obedecen a factores como a validación de materias, traslados doutras universidades, adaptacións de plans en extinción e ingreso de alumnado con idéntica nota de corte nas PAU.

En relación con esta circunstancia, que afecta especialmente á FCE-Santiago, cómpre continuar demandando á CIUG que axuste o número de alumnos de novo ingreso ao número de prazas ofertadas e aprobadas polo centro e o Consello de Goberno da USC.

**BOAS PRÁCTICAS[4]:**

Constitución dunha Comisión de Coordinación Intercentros para os títulos de Grao en Mestre integrada por: as persoas Responsables de calidade das dúas Facultades, as persoas titulares dos Vicedecanatos con competencias en organización académica das dúas Facultades e as persoas que asumen a coordinación dos títulos de Grao en Mestre/a que se imparten nas dúas Facultades. A través desta comisión acordáronse criterios de coordinación sobre distintos aspectos relacionados co desenvolvemento da titulación en ambos os dous campus da USC, elaboración dunha táboa de validacións entre as materias deste título e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, así como a elaboración deste Informe de Seguimento coas propostas de mellora que se irán indicando con respecto aos diferentes criterios.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

[3] **Niveis de valoración:**

* **Satisfactorio (A)**: existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

* **Suficiente (B)**: existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recurrente e ordenada, ainda que existan aspectos secundarios non contemplados.

* **Insuficiente (C)**: existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

* **Ausencia de evidencias documentais (D)**: non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

[4] **Enténdese por boa práctica**: proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumple as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectivade dos recursos...).

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2. Xustificación** | | | | | | | |
| *Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio. A Memoria de Verificación do Título xustifica o seu interese académico, científico e profesional, tanto pola traxectoria da USC na formación destes profesionais como pola validez e preparación dos estudantes, segundo demostran os diferentes informes dos titores externos (profesores en activo) que colaboran nas tres materias do Prácticum da titulación. Estes informes, polo xeral, reflicten unha valoración moi positiva sobre a preparación do alumnado para o exercicio da profesión.

Como titulación que habilita para o exercicio da profesión regulada de mestre de educación infantil, o título responde á Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios que conceden a devandita habilitación.

Os datos de matrícula demostran o interese e atractivo desta titulación. En efecto, nos dous centros que imparten esta titulación, a matrícula de inicio de estudos resulta ser bastante superior á media da USC (86,46): 94 alumnos na FFP-Lugo e 91 na FCE-Santiago, cunha variación de matrícula de inicio de estudios de 0,00 e 4,60, respectivamente (sendo o valor medio na universidade de -2,54). Entre os matriculados, os preinscritos en primeira opción representan o 71,11% na FFP-Lugo e o 88,75% na FCE-Santiago, cifras superiores á da USC (69,86), dato que parece revelar unha importante demanda desta titulación. Tal e como se sinalaba no apartado anterior, os datos de matriculados superan as prazas ofertadas tamén no curso que nos ocupa, o que segue a demostrar a demanda sostida desta titulación nos últimos anos.

Os informes de inserción laboral facilitados pola ACSUG non se refiren aínda a estes graduados, senón aos antigos diplomados en mestre (curso 2009-10, enquisa realizada en decembro de 2012). A este respecto, tomando como referencia os datos da Diplomatira de Mestre en Educación Infantil atópase que o tempo medio dos egresados para obter o primeiro emprego é de 10,2 meses e un 39,5% deles traballan nalgunha ocupación vencellada á súa titulación.

Aínda que a titulación presenta unha demanda sostida e superior á oferta de prazas (porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre as prazas ofertadas = 107,06), as dúas Facultades participan nas accións do programa "A Ponte entre o Ensino Merdio e a USC" dirixido á captación e matriculación de novo alumnado. Algunha destas accións permitiu proporcionar información específica sobre as titulacións de Mestre a grupos de estudantes interesados, co que se puido cumprir, polo menos parcialmente, a acción de mellora formulada neste sentido.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Participación nas accións do Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC" para a captación do alumnado. A través deste programa, durante o curso 2013-14 a FCE-Santiago ofreceu charlas temáticas nos IES sobre "A profesión de profesor", en tanto que a FFP-Lugo realizou visitas de carácter informativo aos centros.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 3. Competencias

*Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Tendo en conta a novidade que supón o enfoque por competencias nas titulacións adaptadas ao EEES, débese seguir avanzando tanto no traballo para o seu mellor ensino-aprendizaxe como na avaliación das mesmas. Ainda así, os diferentes mecanismos dos que ata o de agora dispoñemos permítennos indicar un adecuado cumprimento deste indicador. En particular, os resultados do desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación, o Prácticum e o TFG constituen momentos para evidenciar que se está acadando un progreso axeitado.

Por outra banda, dende a propia coordinación da titulación na FCE-Santiago vense administrando cada curso académico un cuestionario elaborado para analizar máis pormenorizadamente a implantación do título e que recolle, entre outros aspectos, a consecución dos obxectivos previstos. Os resultados obtidos demostran un elevado grao de satisfacción do alumnado coa formación recibida.

Esta valoración positiva vese refrendada polos resultados das enquisas que a USC realiza con carácter xeral para todo o alumnado. Polo que se refire a esta titulación, o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é de 4,03 na FFP-Lugo e 3,79 na FCE-Santiago, en ambos os dous casos superiores á media da USC (3,78) e con taxas de resposta tamén superiores á media da universidade. Os aspectos mellor cualificados son os referidos á explicación do programa e criterios de avaliación, cumprimento do plan de traballo previsto, proposta de actividades para favorecer a aprendizaxe autonoma, resolución de dúbidas, comunicación cos estudantes e titorías. Pola contra, os aspectos que merecen unha valoración inferior (aínda que superior á media da USC) refírense ao grao de coordinación entre o profesorado que imparte unha materia, así como ao desenvolvemento da capacidade do alumno para transmitir información, ideas, problemas e solucións na materia.

En canto ao grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida é dun 3,85 na FFP-Lugo e 3,80 na FCE-Santiago (media USC = 3,76), destacando como aspectos relevantes a boa relación co estudantado, tanto nas aulas coma nas titorías, o seu interese cara á materia e o coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos. Debemos seguir prestando atención á coordinación entre o profesorado da mesma materia, pois a percepción que amosa o alumnado –segundo quedou reflectido no parágrafo anterior– está bastante afastada da superior autopercepción dos docentes. Por outra banda, o profesorado revela na enquisa de satisfacción coa docencia que as súas carencias máis importantes teñen que ver coa dispoñibilidade de materiais e recursos de aopio á docencia na universidade e cos recursos materiais existentes no propio centro.

Cómpre insistir en que as materias de que consta o Prácticum constitúen momentos importantes para comprobar o logro das competencias do estudantado; neste sentido, os resultados acadados ata o memento sinalan un progreso axeitado. En efecto, o alumnado amósase globalmente satisfeito cos programas de prácticas externas realizadas (4,26 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago, destacando a súa utilidade na formación inicial e a atención titorial recibida, aínda que critica a escasa duración dos períodos de prácticas.

Non dispoñemos de datos relativos á valoración dos titores externos, pero os titores académicos (profesorado supervisor) tamén amosan un elevado grao de satisfacción (4,20 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago) cos programas de prácticas externas, destacando a valoración das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación e cuestionando aspectos relacionados coa coordinación e comunicación cos centros colaboradores.

Estes datos son basicamente coincidentes cos recollidos a partir de cuestionarios internos elaborados para analizar a implantación do título.

| |
|---|
| **BOAS PRÁCTICAS:**<br>Continuar co traballo sobre as competencias: revisión do diferente tipo de competencias asignadas a cada materia e deseño e implementación de indicadores de avaliación e consecución das mesmas. Igualmente, continuar co programa de formación en competencias xenéricas (comunicación escrita e oral, presentacións, traballo en equipo) e actividades de carácter interdisciplinar entre varias materias do grao.<br>Continuar coa administración do cuestionario de avaliación das materias por cursos diseñado desde a coordinación dos títulos. |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>Continuar avanzando na recollida de evidencias sobre a consecución das competencias, a través de enquisas dirixidas tanto ao alumnado e profesorado das Facultades como a profesionais externos en exercicio (mestres titores do Prácticum). |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**<br>A identificación, distribución e avaliación das competencias é un traballo que está progresando aínda nos ámbitos profesionais da educación. Entendemos que se debe continuar facendo un esforzo de identificación das mesmas, de priorización nas diferentes materias e de formas de avalialas, incluíndo estes aspectos de forma máis precisa nas enquisas a alumnado, profesorado e profesionais externos. |

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 4. Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración deste criterio resulta satisfactoria na medida en que os mecanismos para a captación de estudantes están sendo axeitados, segundo confirman os datos de matrícula. En efecto, complementando a información xa aportada na reflexión sobre os criterios anteriores (prazas ofertadas, matrícula de novo ingreso, matrícula de inicio de estudos, variación da matrícula de inicio de estudos e porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre as prazas ofertadas), cómpre indicar agora que esta titulación tivo matriculados durante o curso 2013-14 un total de 325 estudantes na FFP-Lugo e 396 na FCE-Santiago. Todos estes datos parecen confirmar a elevada demanda que os estudos de Mestre/a de Educación Infantil seguen a ter entre a poboación que accede á universidade, tanto no campus de Lugo como no de Santiago, e que as medidas adoptadas en relación coa información que se facilita ao alumnado de Bacharelato a través do Programa A Ponte son positivas.

Centrándonos no perfil do alumnado de novo ingreso constátase, ademais, un lixeiro incremento nos últimos anos da nota media de acceso por preinscrición. No curso 2013-2014, este indicador foi de 7,49 (6,86 na FFP-Lugo e 8,32 na FCE-Santiago, valor que neste caso se aproxima cada vez máis á media da USC). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6 foi de 80,36 (79,79 na FFP-Lugo e 92,31 na FCE-Santiago). Esta información parece apuntar na dirección dunha valoración social dos estudantes de mestre/a cada vez maior.

A maior parte dos estudantes proceden de Galicia, sendo só o 1,95% (2,46% na FFP-Lugo e 1,26 na FCE-Santiago) os que proceden doutras comunidades españolas (Asturias, Castela e León). No que se refire á mobilidade exterior ou internacionalización da titulacion, os datos son moi pesimistas: a porcentaxe de estudantes estranxeiros foi de 0,00 na FFP-Lugo e 0,25 na FCE-Santiago. Esta reducida participación dos estudantes en programas de mobilidade salienta a necesidade de seguir traballando na liña de conseguir cotas próximas ao resto de titulacións da USC, se ben a insuficiente dotación de bolsas non permite albiscar unha mellоría importante deste indicador no futuro inmediato. En todo caso, cómpre aproveitar ao máximo todas as accións impulsadas neste sentido pola Vicerreitoría de Internacionalización da USC.

Nestes momentos, a cuantificación do grao de sarisfacción dos egresados coa información pública dispoñible non está operativa debido ás modificacións que a área de Calidade e Mellora de Procedenmentos da USC está a realizar no cuestionario de avaliación.

O alumnado dispón de información previa á matriculación, así como dos procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e á titulación. Ao inicio do curso, teñen lugar xornadas de presentación e acollida do novo alumnado, a cargo de membros dos equipos decanais, coordinadores de título e de curso e alumnos-titores, así como sesións informativas dirixidas ao alumnado do curso ponte.

A acción de mellora proposta no Informe 2012/13 en relación coa modificación do calendario das PAU, no sentido de adiantar ao mes de xullo a convocatoria que agora se celebra en setembro, non foi atendida nin existen expectativas de que se produza nun futuro inmediato.

Reduciuse o prazo de resolución de expedientes de validación na FFP-Lugo, que está fixado nun tempo medio de 15 días, dando cumprimento á acción de mellora proposta no anterior informe de seguimento.

Non se produciron incidencias en relación coa matrícula dos estudantes nas materias do Prácticum, executándose a correspondente acción de mellora.

Unha vez modificado o curso ponte, a partir da experiencia da Facultade de Ciencias da Educación no seu desenvolvemento , e implantado por vez primeira na Facultade de Formación do Profesorado no curso 2013-14, neste centro o curso está a se desenvolver de xeito satisfactorio, cubríndose a totalidade das prazas ofertadas (10). Porén, na FCE-Santiago o curso ponte desta titulación está evidenciando unha diminución do número de alumnos matriculados, de xeito que só se cubriron a metade das prazas ofertadas (10 sobre 20).

| |
|---|
| **BOAS PRÁCTICAS:**<br>Organización dunha xornada de acollida destinada a recibir, informar e orientar ao alumnado de primeiro curso do grao no momento da súa incorporación á universidade e aos centros.<br>Participación no programa de titores para alumnos matriculados en estudos de Grao, aínda que cómpre seguir promovéndoo e dinamizándoo. |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:** |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :** |

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO |
|---|
| **5. Planificación das ensinanzas** |
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** |

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Os datos proporcionados polos indicadores relacionados con este criterio permiten efectuar unha valoración satisfactoria do mesmo. Neste sentido, xa valoramos o grao de satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia recibida e impartida, respectivamente. Lembramos que o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mereceu unha valoración global de 4,03 na FFP-Lugo e 3,79 na FCE-Santiago. Pola súa banda, o nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida situouse no 3,85 na FFP-Lugo e 3,80 no caso da FCE-Santiago. Sendo estes datos moi positivos, somos conscientes de que unha boa xestión e planificación das ensinanzas esixen un traballo continuado para a mellora dos mesmos.

Tamén quedou constancia de que a titulación non presenta problemas en relación co número total de alumnos matriculados, pero si no que se refire á súa proxección nacional e internacional. As reducidas porcentaxes de mobilidade entrante e saínte obrígannos a seguir esforzándonos de cara á captación de estudantes de fóra de Galicia e estranxeiros, malia que este obxectivo se desenvolva en circunstancias moi pouco favorables.

O correcto desenvolvemento das ensinanzas consonte á planificación reflectida no plan de estudos está asegurado por un completo sistema de coordinación docente. Neste sentido, a posta en marcha do plan de estudos favoreceu manifestamente o traballo en equipo do profesorado. En cada un dos centros que imparten esta titulación existe o correspondente coordinador ou coordinadora de título e de cada un dos seus cursos, con funcións claramente definidas en cada caso. Así, son responsabilidades propias do coordinador de titulación en cada centro: levar a cabo as sesións de acollida do novo alumnado; manter xuntanzas cos delegados de curso; informar aos estudantes de 2º e 3º cursos sobre prácticum, mencións cualificadoras e TGF; manter sesións de traballo co profesorado que imparte docencia na titulación para abordar aspectos relacionados con contidos, competencias, metodoloxías, avaliación e desenvolvemento das materias do grao; coordinar a revisión dos programas das materias e evitar posibles solapamentos de contidos; reunirse cos coordinadores de curso e recoller información pertinente para a elaboración dos informes de seguimento, así como participar na súa redacción. Pola súa banda, son funcións dos coordinadores de curso: revisar os programas das materias; reunirse en sesións de traballo co profesorado do curso que coordinan e atender as súas problemáticas específicas; reunirse co coordinador de título; establecer contactos periódicos co alumnado (para a elección de delegados, transmitir información relevante, coñecer o seu punto de vista sobre a marcha do curso) e administrar e analizar os cuestionarios de avaliación.

Polo xeral, as tarefas de coordinación entre as distintas materias do título e entre os distintos profesores da materia son ben valoradas polo profesorado, pero xa deixamos constancia de que esta valoración non é moi coincidente coa outorgada polo alumnado.

O Prácticum supón un eixo fundamental da titulación. Na FCE-Santiago a coordinación xeral do Prácticum (para os dous graos en Mestre/a) é competencia dun vicedecanato. No caso da FFP-Lugo, ao contar cun único vicedecanato no seu equipo de goberno, existe a figura de Coordinador/a xeral do Prácticum, nomeado polo reitor. Así mesmo, cada centro conta cun coordinador/a do Prácticum do Grao, co que colaboran os coordinadores ou coordinadoras de cada unha das materias que compoñen o Prácticum. Este organigrama indica a complexidade que supón a organización do Prácticum e a importancia que se lle concede á mesma. Afortunadamente, o traballo realizado merece unha valoración positiva por parte do alumnado (4,26 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago) e do profesorado (4,20 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago), aínda que se sinalen algunhas cuestións a mellorar, tales como a duración e a secuenciación dos períodos de prácticas.

Durante o curso 2013-14 desenvolveuse a realización de TFG por parte de todo o alumnado, xa que con anterioridade este requisito só lle afectara ao alumnado do curso ponte. Esta primeira experiencia foi suficiente para detectar problemas organizativos que cómpre solucionar nun futuro inmediato.

Como xa quedou indicado, a coordinación intercentros foille encomendada a unha Comisión de Coordinación creada a tal efecto para os títulos de Graduado/a en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e Mestre ou Mestra de Educación Primaria.

Cómpre lamentar a redución do recoñecemento docente para os labores de titorización do Prácticum e o escaso recoñecemento para a titorización de TFG, o que impide a execución da acción de mellora proposta. Con carácter previo ao proceso de elaboración da Planificación Académica Anual, é preciso insistir na demanda dun recoñecemento da docencia do Prácticum e TFG acorde cun labor de titorización que se corresponda realmente co traballo desempeñado.

Así e todo, e malia a complexidade organizativa do Prácticum derivada do elevado número de estudantes e outros problemas (dificultades para atopar prazas escolares para a realización do Prácticum nos CEIP públicos da cidade de Lugo), as prácticas realízanse en condicións de recoñecida calidade. En relación con este asunto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria segue sen convocar o proceso de acreditación de centros e titores de prácticas para os graos en Mestre, o que impide levar a cabo a acción de mellora proposta, que queda adiada á sinatura dun novo convenio entre a USC e a Consellería.

Algo semellante pode indicarse con respecto ao TFG. A "Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC", aprobada polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013, é manifestamente mellorable, sendo necesario solicitar a súa modificación. Malia a complexidade do proceso e o feito de de que cada docente ten que asumir a titorización de numerosos traballos e tamén a participación en numerosos tribunais, no curso 2013-14 a elaboración e presentación dos TFG realizouse de xeito razoablemente satisfactorio e mesmo con moi bos resultados: a taxa de éxito do TFG foi do 98,44% na FFP-Lugo e 94,74% na FCE-Santiago.

Finalmente, a culminación da implantación do grao fixo posible ter unha visión de conxunto do seu deseño e implementación. Ao contar, ademais, con actuacións e instrumentos de recollida de información sobre o seu desenvolvemento e análise, puidemos ir consensuando algunhas medidas de revisión do plan de estudos e propoñer unha modificación do título consonte o "Procedemento para la solicitud de modificaciones en los Títulos verificados de Grado y Máster". Neste sentido, cómpre modificar a ficha da materia "Aprendizaxe de linguas en contextos multilingües" para garantir o cumprimento da resolución Reitoral do 13 de decembro de 2013 pola que se recoñece o nivel B1 de inglés ou fracés ao alumnado que supere a devandita materia. Tamén é preciso modificar a secuencia e duración dos períodos de Prácticum, a tenor dos puntos febles detectados polos distintos axentes implicados, así como axustar a denominación e ubicación dalgunhas materias e corrixir algúns outros erros ou desaxustes detectados.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Existencia dun coordinador ou coordinadora de cada curso, así como de cada Prácticum e de TFG. Realización de reunións de coordinación co profesorado para a análise do desenvolvemento do título, unha vez completado o 4º curso do mesmo.

Aplicación e análise de cuestionarios administrados ao alumnado sobre o desenvolvemento do título e das súas materias, que se realiza desde as coordinacións do título.

Elaboración e publicación da Guía de TFG entre profesorado e alumnado da FCE-Santiago. No caso da FFP-Lugo, estes aspectos están suficientemente recollidos no Regulamento de TFG aprobado polo Consello de Goberno da USC.

Desenvolvemento de actividades formativas de carácter interdisciplinar en colaboración con outras instancias, organismos e axentes do contorno (antigos alumnos que na actualidade exercen como mestres, presentación de experiencias innovadoras levadas a cabo en colexios de educación infantil e primaria, ONCE, aulas hospitalarias, etc.).

Reunións da Comisión de Coordinación Intercentros en relación con propostas de mellora do título en ambos os dous campus da USC.

Consensuar entre as dúas Facultades e propoñer unha nova modificación non substancial do plan de estudos, que afecta especialmente ao deseño do Prácticum e á configuración da mención en “Educación sonora e visual”, co que se dá cumprimento á acción de mellora proposta no anterior informe de seguimento.

Mellora da xestión administrativa dos asuntos relacionados coas materias do Prácticum (datos dos centros colaboradores, comunicacións con eles, proceso de adscrición de prazas aos estudantes, certificación das titorizacións, etc.).

Materialización da recomendación do Plan Xeral do Prácticum da FFP-Lugo de que todo o alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Infantil desenvolva o período de estadía de polo menos unha das tres materias do Prácticum nunha escola infantil que inclúa o tramo 0-3 anos.

Ter iniciado o proceso para a sinatura dun novo convenio entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización do Prácticum.

As páxinas web das Facultades conteñen información actualizada sobre asuntos de interse para o alumnado (bolsas e axudas, normativa, eventos e actividades, avisos, convocatorias, programas de mobilidade, etc.).

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Manter a reivindicación do recoñecemento dos labores de titorización do Prácticum e TFG moi superior ao actual.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

A reducida asignación horaria á titorización do Prácticum e do TFG ten producido un forte descontento entre o profesorado e redunda nunha atención menos eficiente a estas tarefas centrais da formación dos mestres, polo que debe facerse un esforzo por ampliar a asignación horaria a estas tarefas. Por conseguinte, con carácter previo ao proceso de elaboración da Planificación Académica Anual insistirase na demanda dun recoñecemento da docencia do Prácticum e TFG acorde cun labor de titorización que se corresponda realmente co traballo desempeñado.

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **6. Recursos humanos** | | | | | | | |
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Considérase este criterio suficiente, pero non satisfactorio, para acadar o proxecto formativo establecido.

Cómpre reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total só acada o 51,49 (45,24 na FFP-Lugo e 56,67 na FCE-Santiago). A ratio de estudantes por profesor a tempo completo é de 6,55 (9,56 na FFP-Lugo e 7,47 na FCE-Santiago), superior á media da USC (6,00). Analogamente, a media de alumnos por grupo de teoría é de 58,45 na FFP-Lugo e 56,35 na FCE-Santiago, mentres que a media de alumnos por grupo de docencia interactiva é de 28,36 na FFP-Lugo e 28,58 na FCE-Santiago; tamén estes dous indicadores superan amplamente a media da USC, situada en 49,12 e 22,46, respectivamente.

Como se ve, estas circunstancias negativas afectan especialmente a esta titulación, dado que a maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia son moi deficitarias. A docencia, xa que logo, vese gravemente afectada cando se produce calquera continxencia imprevista ao longo do curso. Cómpre adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias. Ante este panorama, non só non se puido cumprir a acción de mellora proposta neste sentido, senón que o Plan de Equilibrio Orzamentario proposto pola USC exclúe calquera perspectiva razoable de que se poida cumprir nun futuro próximo.

Non é o caso da adecuación cualitativa do profesorado, xa que non cabe dúbida de que os docentes existentes, teñan ou non vinculación permanente á universidade, accederon ás súas respectivas prazas tras superar un cada vez máis rigoroso e competitivo procedemento selectivo. Así, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total é de 71,29 (59,52 na FFP-Lugo e 80,00 na FCE-Santiago, próxima neste caso ao 85,02% de media na USC ). Porén, a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación baixa ata o 23,76 (23,81 na FFP-Lugo e 23,33 na FCE-Santiago), valores moi baixos en relación coa media da USC (59,66). Para explicar esta circunstancia negativa teriamos que acudir á orixe do título (diplomatura), á categoría dominante do profesorado ata tempos recentes (profesorado titular de escola universitaria) e ás modalidades de contrato do novo profesorado, que na maior parte dos casos non permiten unha dedicación a tempo completo á docencia e investigación.

Quizais resulte sorprendente que, malia estas circunstancias negativas que competen á xestión dos recursos humanos para esta titulación e que son totalmente alleas aos centros que a imparten, o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (4,03 na FFP-Lugo e 3,79 na FCE-Santiago) é superior á media da USC (3,78). Do mesmo xeito, o nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, mesmo nestas condicións tan pouco favorables, ofrece valores de 3,85 na FFP-Lugo e 3,80 na FCE-Santiago, igualmente superiores á media da USC (3,76), o que parece reflectir un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña.

Por último, con respecto á formación continua do profesorado, participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC e amosa, segundo os indicadores dispoñibles, un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas (4,42). Non obstante, a participación no Programa Docentia segue a ser moi escasa. No que se refire ao persoal de administración e servizos, as actividades formativas ás que acode tamén lle resultan de utilidade a tenor da puntuación media que lles concede (4,09).

**BOAS PRÁCTICAS:**

| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br><br>1) Mellorar a incorporación do profesorado a procesos de formación continua e ao Programa Docentia.<br>2) Reivindicar a adopción de medidas que faciliten a contratación non precaria e a promoción do profesorado a figuras de vinculación estable coa universidade. |
|---|
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**<br><br>1) Aínda que o profesorado participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC e amosa un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas, a participación no Programa Docentia segue a ser moi escasa. Cómpre, xa que logo, atopar vías (por exemplo, a través dos departamentos) que animen ao PDI a seguir implicándose na súa formación continua e, en particular, a participar no Programa Docentia.<br>2) A maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia son moi deficitarias. Cómpre adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias. Por outra banda, a promoción do profesorado xa existente está experimentando unha forte paralización, de xeito que as súas expectativas de progreso profesional vense prematuramente truncadas. |

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 7. Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Cómpre expresar unha valoración "suficiente" dos recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios). Non obstante, a valoración non pode ser satisfactoria porque segue a ser preciso acometer ampliacións e melloras nos espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación.

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos aínda non dispón de datos para avaliar o grao de satisfacción dos egresados cos servzos recibidos. Polo que se refire ao profesorado da titulación, a dispoñibilidade de material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo…) e a dispoñibilidade de recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios…) para a docencia no propio centro, merecen unha valoración de 3,68 na FFP-Lugo e 3,48 na FCE-Santiago.

Nas páxinas web das Facultades figura información detallada das infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da dispoñibilidade de espazos, capacidade e equipamento.

Ademais, o profesorado utiliza sistemas virtuais de apoio á docencia, sexa a través do Campus Virtual da USC ou valéndose doutras plataformas, así como outras ferramentas de comunicación para axilizar a interacción cos estudantes.

Non obstante, a FFP-Lugo continúa a padecer evidentes limitacións de espazo para un desenvolvemento realmente axeitado da docencia, ante o aprazamento dunha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa, de maneira que non foi posible cumprir a acción de mellora proposta. Pola súa parte, a FCE-Santiago, ante a situación de deterioro do edificio situado no Campus Norte onde se imparte esta titulación, tamén demanda melloras nas instalacións e recursos dos que dispón.

Por outra banda, o servizo de reprografía resulta pouco eficaz no Campus de Santiago e simplemente inexistente no de Lugo. Os cuestionarios administrados ao alumnado sitúan o servizo de reprografía entre os aspectos a mellorar.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Obtención dunha axuda para completar a renovación do equipamento informático das aulas de docencia ( FFP-Lugo), cumpríndose a acción de mellora proposta.

Acondicionamento dun Salón de Graos (FFP-Lugo), o que permitiu cumprir a acción de mellora proposta.

Acondicionamento dun despacho para a dirección da Biblioteca (FFP-Lugo).

Remodelación dos despachos de Decanato e Administración para ubicar neles o Vicedecanato (FFP-Lugo), o que permitiu cumprir a acción de mellora proposta.

Continuar coa administración do cuestionario para avaliar o desenvolvemento do título na FCE-Santiago e detectar información sobre os servizos existentes desde o punto de vista do alumnado.

Continuar coa oferta do Curso de Competencias Informacionais dirixido ao alumnado dos dous centros.

| |
|---|
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>1) Manter a demanda dunha solución acaída á inconveniente distribución de espazos entre a FFP-Lugo e o CEIP Anexa.<br>2) Mellorar a dotación de espazos e recursos na FCE-Santiago<br>3) Recuperar o servizo de reprografía nos centros do Campus de Lugo e melloralo no Campus de Santiago. |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**<br>1) As limitacións orzamentarias actuais impiden novas construcións e remodelacións do actual edificio da FFP-Lugo. Debe insistirse na necesidade de chegar a unha solución definitiva que permita cubrir axeitadamente as necesidades de docencia e xestión.<br>2) Malia as obras realizadas recentemente no edificio do Campus Norte que acolle as instalacións da Facultade de Ciencias da Educación, tanto os espazos como os recursos dispoñibles deben ser considerablemente mellorados para desenvolver de xeito satisfactorio as titulacións que imparten.<br>3) A Xerencia da USC non foi quen de atopar unha solución ao desmantelamento do servizo de reprografía no Campus de Lugo. Urxe atopar unha saída a este asunto que dificulta o desenvolvemento cotiá da actividade docente. Así mesmo, o formato do servizo no Campus de Santiago non cumpre as expectativas previstas. |

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 8. Resultados previstos

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

De acordo cos indicadores dispoñibles para o curso 2013-2014, a valoración xeral do grao de cumnprimento deste criterio é satisfactoria.

| | FFP-Lugo | FCE-Santiago | Intercampus |
|---|---|---|---|
| **Taxa de rendemento** | 92,27 | 92,91 | 90,67 |
| **Taxa de éxito** | 95,01 | 96,57 | 95,65 |
| **Taxa de avaliación** | 97,12 | 96,21 | 94,80 |
| **Taxa de abandono durante o 1º curso** | 22,99 | -4,71 | 11,73 |

Unha análise máis detallada revélanos igualmente taxas satisfactorias para as distintas materias que compoñen o plan de estudos, na medida en que a maioría delas alcanzan unha taxa de éxito do 100% e só unha moi pequena proporción oscila entre o 80 e o 100%. Como xa quedou reflectido con anterioridade, resulta moi significativa a taxa de éxito do TFG: 98,44% na FFP-Lugo e 94,74% na FCE-Santiago.

Os datos tamén resultan satisfactorios no que se refire ao curso ponte, especialmente no caso da Facultade de Formación do Profesorado. Taxa de éxito: 90,00 na FFP-Lugo e 88,00 na FCE-Santiago. Taxa de rendemento: 80,00 na FFP-Lugo e 74,58 na FCE-Santiago. Taxa de avaliación: 88,89 na FFP-Lugo e 84,75 na FCE-Santiago.

A FCE-Santiago está a cumprir axeitadamente coa obriga de peche de actas en tempo e forma, xa que os indicadores analizados revelan que só un 11,70% das actas son entregadas fóra de prazo, dato 2 puntos inferior a media da USC. Non se pode dicir o mesmo no caso da FFP-Lugo, no que a porcentaxe de actas entregadas fóra de prazo chega ao 20,22%. Cómpre pescudar a razón deste incumprimento.

En relación coas posibilidades laborales que ofrece o título, xa se sinalou con anterioridade que os informes de inserción laboral facilitados pola ACSUG non se refiren aínda a estes graduados, senón aos antigos diplomados en mestre (curso 2009-10, enquisa realizada en decembro de 2012). A este respecto, tomando como referencia os datos da Diplomatira de Mestre en Educación Infantil atópase que o tempo medio dos egresados para obter o primeiro emprego é de 10,2 meses e un 39,5% deles traballan nalgunha ocupación vencellada á súa titulación.

**BOAS PRÁCTICAS:**

| PROPOSTAS DE MELLORA: |
|---|
| Reducir a porcentaxe de actas fóra de prazo, especialmente na FFP-Lugo. |
| **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :** |
| A porcentaxe de actas pechadas e asinadas fóra dos prazos establecidos é moi elevada na FFP-Lugo (20,22%, fronte ao 13,69% de media da USC). Deben adoptarse mecanismos que permitan corrixir este incumprimento. |

| 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO |
|---|
| **9. Sistema de garantía da calidade** |
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.* |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** |

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración deste criterio é satisfactoria, dado que se continúa co proceso de implantación e mellora do SGC.

As páxinas web das dúas Facultades que imparten o título contan con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGIC, informes de seguimento).

Tal como se indicou na reflexión sobre criterios anteriores, existe unha Comisión de Coordinación intercentros que se reúne periodicamente para tratar cuestións relacionadas co desenvolvemento e seguimento do título.

As dúas Facultades contan con cadanseu Manual Simplificado do SGIC, que aparece tamén na web do respectivo centro.

Como xa quedou inidicado, a satisfacción dos estudantes coa docencia recibida é de 4,03 na FFP-Lugo e 3,79 na FCE-Santiago, en tanto que a satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 3,85 na FFP-Lugo e 3,80 na FCE-Santiago. Pola súa banda, a satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas é de 4,0 (4,26 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago), sendo 4.03 o índice de satisfacción dos titores académicos (4,20 na FFP-Lugo e 3,96 na FCE-Santiago).

Ainda que mellorable, como ocorre no resto da USC, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é de 38,33 na FFP-Lugo e 35,15 na FCE-Santiago, varios puntos sobre a media da Universdade (31,36).

A área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC non ten facilitado datos sobre a satisfacción dos egresados en relación coa información pública nin coa titulación, por ser o curso 2013-14 o primeiro ano noque os graduados en Mestre de Educación Infantil cursaron o seu último curso.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Aprobación do Manual Simplificado do SGIC nas dúas Facultades, o que permitiu cumprir a acción de mellora proposta.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 10. Calendario de implantación

*Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración deste criterio é satisfactoria, na medida en que a implantación do título realízase consonte o calendario previsto.

Aproveitarase o proceso de modificación do título para corrixir os desaxustes observados na táboa de validacións, executando a acción de mellora proposta no anterior informe de seguimento.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Deseñar unha táboa de validacións entre este título e o de Grao en Mestre/a de Educación Primaria.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

Existen estudantes que rematan este título e desexan cursar os estudos correspondentes ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria, polo que cómpre establecer a correspondente táboa de validacións entre as materias de ambas as dúas titulacións.

| 4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO | |
|---|---|
| **INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN** | |
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, …)** |
| | |
| | |
| | |
| | |
| **INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS** | |
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, …)** |
| Non existen recomendacións | |
| | |
| | |
| | |
| **INFORMES DE SEGUIMENTO (2012-2013)** | |
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, …)** |
| **Criterio 1: Descrición do título**<br>Indícase a necesidade de asegurar a coordinación intercentros para o seguimento do título. | No mes de xuño de 2014 foi creada unha Comisión de Coordinación Intercentros, formada polos Decanos das dúas Facultades, os Vicececanos/as responsables de organización académica, os responsables de calidade e os coordinadores dos títulos de Mestre. Esta comisión ten realizado dúas reunións de coordinación antes do remate do curso 2013/14, no transcurso das cales elaborou a resposta ao informe provisional de seguimento 2012/13 e consensuou modificacións non substanciais no plan de estudos que se atopan pendentes de aprobación. |
| **Criterio 2: Xustificación**<br>Conveniencia de realizar consultas con profesionais en exercicio para verificar a validez da formación. | Recolleuse información a través dos instrumentos de avaliación dos titores externos do Prácticum (mestres en activo) sobre o nivel de competencia mostrado polos estudantes durante a súa estadía nos colexios de educación primaria. Os datos manéxanse neste informe de seguimento. |

| | |
|---|---|
| **Criterio 3: Competencias**<br>Necesidade de recoller evidencias para avaliar o nivel de adquisic ión de competencias profesionais dos titulados. | No curso 2013/14 téñense estudado propostas de instrumentos que posibiliten a avaliación interdisciplinar das competencias asociadas ao título. Neste sentido, modificaranse os cuestionarios a profesores, estudantes e titores externos para recoller evidencias ao respecto. |
| **Criterio 4: Acceso e admisión**<br>Recoméndase maior reflexión sobre o Curso Ponte, que foi obxecto de modificación no curso 2012/13. | No presente informe inclúense algunhas reflexións sobre acceso dos estudantes e sobre resultados obtidos polo alumnado. Tamén se ten realizado un estudo da viabilidade para articular procesos de consulta dirixidos a este alumnado. |
| **Criterio 5: Planificación das ensinanzas**<br>Recoméndase maior reflexión sobre planificación das ensinanzas, aclarando máis os mecanismos de coordinación intra e intercentros e a organización do Prácticum. | No curso 2013/14 consolidáronse os mecanismos de coordinación das ensinanzas dentro de cada Facultade a través dos coordinadores de título e cursos. Tamén se puxo en marcha a Comisión de Coordinación Intercentros, que se reuniu dúas veces ao longo do curso e acabou consensuando algúns cambios non substanciais que afectan á distribución de materias, ás fichas dalgunhas delas e, sobre todo, á organización e secuencia do Prácticum e do TFG, como se describe neste Informe de Seguimento. |
| **Criterio 6: Recursos humanos**<br>Recoméndas máis reflexión sobre a adecuación do profesorado, as súas características e formación. | No actual Informe de Seguimento achégase máis reflexión sobre as características do PDI (funcionarios, doutores e sexenios sobre PDI total) e análizanse os cambios estruturais que se están a producir como consecuencia das dificultades orzamentarias e os límites impostos polas taxas de reposición. Faise algunha proposta de mellora respecto da participación nos procesos de formación. |
| **Criterio 9: Sistema de Garantía de Calidade**<br>Recoméndase proporcionar evidencias do Sistema de Garantía de Calidade e a creación dunha Comisión Intercentros. | No actual Informe de Seguimento achéganse máis evidencias e reflexión sobre o Sistema de Garantía de Calidade, especialmente o que ten que ver coa aprobación do Manual Simplificado do SGIC, da Comisión de Coordinación Intercentros e da publicidade dos procedementos de calidade nas páxinas web . |

## 5. PLAN DE MELLORAS

| ACCIÓN DE MELLORA Nº 1 | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-01 |
| | | Tipo | AM |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de seguimento e recomendación da ACSUG |
| | | Descrición orixe | Debilidade identificadfa no Informe de Seguimento 2012/13 e tamén no actual, así como recomendación da ACSUG. Criterio : Competencias |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de continuar co traballo de identificación, priorización e avaliación das competencias propias do título |
| | | Definición/descrición proposta | Avanzar na recollida de evidencias sobre a adquisición das competencias do título por parte dos estudantes, mellorando e ampliando a explotación das enquisas que actualmente se están a administrar ao alumnado sobre o funcionamento do grao |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Novembro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos |
| | | Outros responsables da implantación | Vicedecanato de Prácticum (FCE-Santiago)<br>Vicedecanato de organización académica (FCE-Santiago)<br>Vicedecanato (FFP-Lugo)<br>Coordinación do Prácticum (FFP-Lugo) |
| Tarefa1 | | Código | AM-01/T1 |
| | | Descrición tarefa | Revisión dos cuestionarios empregados ata agora e deseño de novas cuestións relativas á avaliación de competencias concretas do título, para seren admministrados a: alumnado de 4º curso, egresados e titores externos do Prácticum |
| | | Data prevista de finalización | Decembro 2014 |

| | | |
|---|---|---|
| | Persoa responsable | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos |
| | Usuario responsable | Alumnado, egresados e titores externos do Prácticum |
| Subtarefa 1 | Código | AM-01/T1S1 |
| | Descrición tarefa | Daar a coñecer ao profesorado a reformulación do cuestionario |
| | Data prevista de finalización | Xaneiro 2015 |
| | Persoa responsable | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos |
| | Usuario respolnsable | Profesorado da titulación |
| Tarefa2 | Código | AM-01/T2 |
| | Descrición tarefa | Administración dos cuestionarios aos diferentes grupos de interese |
| | Data prevista de finalización | Maio 2015 |
| | Persoa responsable | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos<br>Coordinación do Prácticum |
| | Usuario responsable | Alumnado, egresados e titores externos do Prácticum |
| Tarefa 3 | Código | AM-01/T3 |
| | Descrición tarefa | Análise e difusión dos resultados |
| | Data prevista de finalización | Xullo-setembro 2015 |
| | Persoa responsable | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos<br>Coordinación do Prácticum |
| | Usuario responsable | Responsables das coordinacións e profesorado |
| Finalización | Estado | |

| | | |
|---|---|---|
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

| ACCIÓN DE MELLORA Nº 2 | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-02 |
| | | Tipo | AM |
| | Orixe | Orixe acción | Informes de seguimento |
| | | Descrición orixe | Proposta de mellora formulada no Informe de Seguimento 2012/13 e reiterada no actual. Criterio: Planificación das ensinanzas |
| | Definición | Análise causa | A análise das evidencias pon de maifesto que só unha pequena parte das guías docentes das materias do título están accesibles na páxina web dos centros |
| | | Definición/descrición proposta | Maior difusión e visibilización das guías docentes das materias do título a través das páxinas web dos centros e, á súa vez, fomento do uso do idioma galego nas mesmas. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Novembro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinación do título<br>Coordinación dos cursos<br>Decanatos |
| | | Outros responsables da implantación | Servizo de Normalización Lingüística da USC<br>Responsables das webs dos centros |
| Tarefa1 | | Código | AM-02/T1 |
| | | Descrición tarefa | Habilitar ou divulgar espazos das webs dos centros para a publicación das guías docentes das materias que agora están accesibles a través do Campus Virtual |
| | | Data prevista de finalización | Febreiro 2015 |
| | | Persoa responsable | Responsables das webs dos centros<br>Decanatos |
| | | Usuario responsable | Profesorado e alumnado |

| | | |
|---|---|---|
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

| ACCIÓN DE MELLORA Nº 3 | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-03 |
| | | Tipo | AM |
| | Orixe | Orixe acción | Informes de seguimento |
| | | Descrición orixe | Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento. Criterio: Recursos humanos |
| | Definición | Análise causa | Tense identificado unha escasa participación do profesorado nos programas de formación continua e, sobre todo, no Programa Docentia |
| | | Definición/descrición proposta | Mellorar a incorporación do profesorado aos devanditos programas de formación e avaliación |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Novembro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Decanatos |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinación do título<br>Direccións dos departamentos |
| Tarefa1 | | Código | AM-03/T1 |
| | | Descrición tarefa | Tentar promover unha maior implicación do profesorado nestas actividades, informando ás direccións dos departamentos con docencia na titulación das baixas taxas de participación para que animen aos docentes a tomar parte nestas actividades |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Persoa responsable | Decanatos |
| | | Usuario responsable | Direccións de departamentos e profesorado |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |

| | | |
|---|---|---|
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

| ACCIÓN DE MELLORA Nº 4 | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-04 |
| | | Tipo | AM |
| | Orixe | Orixe acción | Informes de seguimento |
| | | Descrición orixe | Proposta de mellora formulada no Informe de seguimento 2012/13 e reiterada no actual. Criterio: Recursos materiais e servizos |
| | Definición | Análise causa | Desmantelamento dos servizos de reprografía nas dúas Facultades sen solucións axeitadas para atender esta demanda |
| | | Definición/descrición proposta | Recuperación do servizo en ambos campus |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Novembro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Decanatos |
| | | Outros responsables da implantación | Xerencia |
| Tarefa1 | | Código | AM-04/T1 |
| | | Descrición tarefa | Reiterar esta demanda ante a Xerencia da USC, así como ante a Vicexerencia e a Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Persoa responsable | Decanatos |
| | | Usuario responsable | Profesorado, alumnado e PAS |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |
| | | Comprobación | |
| | | Data comprobación | |

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

| ACCIÓN DE MELLORA Nº 5 | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-05 |
| | | Tipo | AM |
| | Orixe | Orixe acción | Informes de seguimento |
| | | Descrición orixe | Proposta de mellora formulada no Informe de Seguimento. Criterio: Resultados previstos |
| | Definición | Análise causa | A análise das evidencias pon de manifesto que existe unha elevada taxa de actas fóra de prazo nos dous centros, especialmente en Lugo |
| | | Definición/descrición proposta | Reducir a taxa de actas fóra de prazo ao nivel da media da USC |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Xaneiro 2015 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Secretarías dos Centros |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinación de materias, Prácticum e TFG<br>Xestoras dos Centros |
| Tarefa1 | | Código | AM-05/T1 |
| | | Descrición tarefa | Xestionar os calendariosde exames e o peche e sinatura de actas para reducir a porcentaxe de actas fóra de prazo ao 12% |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Persoa responsable | Secretarías dos Centros |
| | | Usuario responsable | |
| | | Usuario responsable | |
| Finalización | | Estado | |
| | | Data estado | |
| | | Comprobación | |

| | **Data comprobación** | |
|---|---|---|

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.